


# APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



## MARÍA VINYALS

(Soutomaior 1875 - París 1940)

Foi unha escritora, sufraxista e activista social galega. Marquesa de Ayerbe. Considerada unha das pioneiras nas reivindicacións feministas en Galicia, destacou pola súa intensa actividade a prol dos demais e da loita pola

igualdade a través dos seus artigos, conferencias, e iniciativas sociais. Naceu no Castelo de Soutomaior e dende moi cativa demostrou unha gran sensibilidade pola cultura. Tomou clases de pintura con Joaquina Serrano e comezou a escribir a idade de trece anos. O seu primeiro libro foi o ensaio *Castillo del Marqués de Mos en Soutomayor. Apuntes históricos* (1904). Formou parte da Real Academia Galega e do Ateneo de Madrid. Publicou artigos en revistas como *Galicia*, en *Bos Aires* e *Madrid*. Pertenceu á Agrupación Feminista Socialista, da que foi vicepresidenta. En 1925 trasladouse a Cuba, e alí seguiu publicando obras literarias e artigos na *Revista Social* da Habana.

Ilustracións: Tania Solla  
Textos: Polo Correo do Vento

O sufraxio é o dereito a votar para elixir quen nos debe representar no goberno.

# MULLERES GALEGAS

investiga

Historicamente, o voto feminino tivo moitas dificultades para ser aceptado e formar parte da realidade. María Vinyals foi unha pioneira sufraxista, é dicir, unha das primeiras e máis firmes defensoras deste dereito fundamental das mulleres.

En España, o voto feminino aparecerá na Constitución de 1931, na Segunda República, máis volvería a desaparecer coa ditadura.

Realiza un traballo de investigación e documentación sobre a **historia do sufraxio feminino**. Para isto é preciso recoller información, por exemplo, sobre datas importantes, personalidades de relevo, curiosidades, as situacións nos diferentes países ou vixencia na actualidade.

Así poderás reponder as seguintes cuestións:

Quen foi Clara Campoamor?  
 Que país foi o primeiro en recoñecer como un dereito o sufraxio feminino?  
 Hai algún estado na actualidade no que as mulleres non teñan dereito a votar? Se é así, cítalo.  
 Que é a Declaración de Séneca Falls?



A vida de María Vinyals  
está moi ligada ao  
Castelo de Soutomaior.  
Colorea e engade  
os debuxos que ti queiras.

# MULLERES GALEGAS

colorea





Un artigo é un texto breve no que se expresa unha opinión para ser pulicada nun medio escrito.

# MULLERES GALEGAS


opina

Le atentamente estes consellos e escribe un artigo de opinión:

- A.** Escolle un tema. O que queiras. Pode ser algo que che pareza inxusto ou que che guste moito. Ti decides.
- B.** Non pode pasar, por exemplo, das 500 palabras. Tes que axeitarte ao espazo do xornal e revista que o vai publicar.
- C.** Fai un bosquexo previo. Pensa ben a formulación da idea inicial, a argumentación e un final que recolla a idea do texto e que deixe as lectoras abraiadas.
- D.** Divírtete. Ama o que fas. Corrixe moito. Dállo a ler ás túas amizades.
- E.** Ponlle un título. Ao artigo e á túa sección. Terá que ir tamén acompañado do teu nome, un apelido e fotografía.

Repara nestas columnistas galegas, busca e le algúns dos seus artigos de opinión. A mellor forma de aprender a escribir é ler.

Inma López Silva, Ana Romaní, Míriam Ferradáns,  
Mercedes Corbillón, Fernanda Tabarés, María Obelleiro.



# MULLERES GALEGAS

## sopa de letras

Atopa 6 palabras  
relacionadas coa  
vida de María Vinyals.



Ao remate, redacta un texto no que aparezan  
as 7 palabras e que tamén inclúa a María Vinyals.

---



---



---



---



---

Sabías que...?  
María Vinyals e o seu  
marido construíron  
o primeiro sanatorio  
de Galicia.

# MULLERES GALEGAS

**sinala**

Indica cal destas curiosidades da vida de María Vinyals  
é verdadeira e cal e falsa.

Fíxolle un retrato Joaquín Sorolla.

En Xapón participou nun filme de Kurosawa.

Recibiu o alcume de Marquesa Vermella polo  
seu activismo social.




Foi campioa de boxeo.

Estivo en París durante  
a ocupación nazi  
na Segunda Guerra Mundial.


Era políglota,  
falaba inglés, francés,  
alemán e portugués.

Comproba  
as túas  
actividades.

# MULLERES GALEGAS

**soluciona**

sopa  
de  
letras



Son afirmacións verdadeiras:

**sinala**

Fíxolle un retrato Joaquín Sorolla.

Recibiu o alcume de Marquesa Vermella polo  
seu activismo social.

Estivo en París durante a ocupación nazi  
na Segunda Guerra Mundial.

Era políglota,  
falaba inglés, francés,  
alemán e portugués.